

### 2 Unha ameaza para os animais

Un grupo de alumnos de 2.º curso foi de excursión á praia. Cando paseaban pola beira atoparon dous paxaros mortos. Os nenos observaron que unha das aves tiña na boca un pequeno tapón e que a outra tiña unha malla de plástico enleada no peteiro.

Como aconteceu aquilo?  
O profesor explicoulles que o lixo que ás veces tiramos indebidamente á auga ou ao chan, ademais de contaminar, pode resultar moi perigoso para os animais. Os paxaros en ocasións confúndeno con alimentos, ou incluso poden quedar atrapados nel.



Os nenos e as nenas decidiron facer algo ao respecto e, desde entón, no colexio reutilizan as botellas de plástico para facer bebedoiros e comedoiras para os paxaros.



### 1 Contesta.

- Por que morreron os paxaros que había na beira?
- 
- Que se pode facer para evitar que isto aconteza?
- 
- Que outros comportamentos resultan daniños para os animais?
-

**SABER FACER**

**Identifico pegadas de animais**

Os animais deixan un rastro que nos permite identificalos. Observa o debuxo e axuda ao garda forestal a saber que animal atacou a cabra.



**1** Como cres que é o animal que atacou a cabra? Pensa e marca.

- |   |   |
|---|---|
| <input type="checkbox"/> É un animal herbívoro. | <input type="checkbox"/> É un animal carnívoro. |
| <input type="checkbox"/> É de pequeno tamaño.   | <input type="checkbox"/> É de gran tamaño.      |
| <input type="checkbox"/> É un mamífero.         | <input type="checkbox"/> É unha ave.            |

**2** Observa as súas patas e une cada animal coa súa pegada.



**3** Que animal atacou a cabra? Escribe o seu nome.

---

## ACTIVIDADES DE REPASO

- 1 RESUMO. Lembra o que aprendiches e completa.

Para saber o tempo que vai hai que observar  
a  do aire, a   
e o

- 2 Que tipo de vento vai en cada escena? Une.



brisa

vendaval



- 3 Observa e explica con detalle que tempo vai.



- 4 Quen fala do tempo? E do clima? Le e contesta.



Mañá vai chover. Non esquezas o paraugas!

Fala do

Eu vivo na montaña e sempre vai moito frío.



6 Escribe o nome de cada aparello onde corresponda.

catavento

termómetro

pluviómetro



Mide a temperatura do aire ▶



Mide a cantidade de auga de chuvia ▶



Indica a dirección do vento ▶

6 Observa os termómetros e relaciona.




Vai moita calor.


É unha temperatura agradable.

Vai moito frío.

#### DEMOSTRA O TEU TALENTO

7 Elixe e realiza a actividade que prefiras.

A. Busca fotografías de  diferentes termómetros e explica para que usamos cada un deles.

B. Constrúe un pluviómetro  caseiro e mide a chuvia que cae na túa localidade durante este mes.

